

# Plan Dixital

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano Académico	Estado
15021548	CEIP Sal Lence	A Coruña	2024/2025	Plan pechado-seguemento

## 1. Vixencia

Vixencia	Data
Curso inicio	2024/2025
Curso fin	2024/2025
Data de actualización	22/10/24
Data aprobación consello	14/10/24
Data aprobación claustro	14/10/24

## 2. Introducción

### • XUSTIFICACIÓN DO PLAN DIXITAL EN RELACIÓN Á NORMATIVA VIXENTE.

O presente plan xorde, ademais da necesidade de dixitalizar o noso centro acorde ás actuais necesidades educativas sociais, dunha extensa xustificación normativa. En concreto, dos seguintes documentos:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE), modificada pola nova Ley Orgánica 3/2020, de 29 de decembro (LOMLOE).

- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.

- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

### • CONTEXTUALIZACIÓN DO PD NO CENTRO E CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO EDUCATIVO.

O noso centro aglutina á poboación do barrio dos Castros. Dito barrio está constituído fundamentalmente por vivendas de "tipo social" e de recente construción, o que reflicte a coexistencia de diferentes grupos socioeconómicos e culturais.

A idea do presente Plan Dixital, con respecto ao noso Proxecto Educativo, é que o noso centro mellore en calidade dixital, contribuíndo a un tipo de educación máis consecuente co momento actual e a un Claustro con maior competencia e formación dixital e tecnolóxica.

A Programación Xeral Anual do curso 2024/2025, polo tanto, terá en conta os obxectivos e actividades reflectidas no plan de acción do presente documento para así levar a cabo toda a organización programada para o curso e non interferir no seu desenvolvemento.

Actualmente, en termos dixitais, o centro conta co Proxecto Abalar nas aulas de 5º e 6º de Educación Primaria, cun equipo de Dinamización das TIC, coa páxina web e a aula virtual en funcionamento no 2º e 3º ciclo de Educación Primaria. No que respecta ao equipamento, todas as aulas contan con, cando menos, un ordenador con conexión a Internet e pizarra dixital, así coma os dispoñibles na biblioteca, na sala de Mestres, no Departamento de Orientación e nas dependencias do Equipo Directivo. Así e todo, a maioría das aulas do colexio contan xa con paneis dixitais interactivos moito máis eficientes e actualizados que as antigas pizarras con proxector.

Por outra banda, no curso actual, seguen a existir desdobres en segundo, cuarto e sexto de Ed. Primaria, o que, polo momento, impide a posibilidade dunha aula de TICs ou de Polos Creativos no centro.

### • PROCESO DE ELABORACIÓN.

Para a elaboración do presente plan organizouse un Equipo de Dinamización do Plan Dixital formado pola persoa coordinadora, o coordinador Abalar de centro e tamén do Equipo de Dinamización das TIC e director do centro.

Deste xeito, tomouse como base os plans dos anos anteriores onde se informara a todo o Claustro en sucesivas reunións sobre o proceso de elaboración do plan e todos formaran parte das dúas formacións online que tiveron lugar para informar sobre a análise “D.A.F.O.” e a elaboración do Plan de Acción. Ademais, practicamente a totalidade do Claustro participou na enquisa SELFIE e no test “CDD” levada a cabo a través da plataforma “FPROFE”.

Unha vez obtidos os informes resultantes de ambas enquisas, elaborouse o análise “D.A.F.O.” onde se detectaron as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades do noso centro no tocante ao ámbito dixital. Para realizalo, o Equipo de Dinamización do Plan Dixital empregou un taboleiro colaborativo na Aula Virtual do centro e, posteriormente, a partir das conclusións do mesmo decidíronse os obxectivos a recoller no Plan de Acción que foi a base do noso plan dixital presentado en Claustro no remate do curso escolar 2021-2022.

Así, como xa adiantamos, esta información obtida ao longo do curso 21-22 nos sucesivos informes e enquisas realizados, será a base que imos empregar para a realización do Plan Dixital do presente curso 2024 - 2025, actualizando e adaptando aqueles datos que así o precisen.

### 3. Contexto DAFO

#### 3.1. Instrumentos de recollida de información previa

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

### 3.2. Análise interna

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Debilidade	O alumnado non aprende a crear contidos dixitais nin a comunicarse usando tecnoloxías dixitais (H7).	Alumnado	Si
Debilidade	O alumnado non aprende a dar crédito ao traballo doutras persoas que atoparon en internet (H6).	Alumnado	Non
Debilidade	O alumnado ten unha competencia moi limitada para resolver problemas técnicos (H13).	Alumnado	Si
Debilidade	O alumnado de Infantil e primeiro e segundo ciclo de Ed. Primaria non dispón de equipos individuais (C10).	Infraestruturas	Si
Debilidade	O alumnado con N.E.E. non ten acceso a tecnoloxías asistenciais (C15).	Infraestruturas	Si
Debilidade	Non existe estratexia dixital no centro (A1).	Organización de centro	Si
Debilidade	Insuficiente política de sistema de protección de datos (C7).	Organización de centro	Non
Debilidade	O profesorado e o equipo directivo non dispoñen de tempo suficiente para explorar o ensino con tecnoloxías dixitais (A4).	Persoal docente	Si
Debilidade	Non se permite ao alumnado que traian o seu propio dispositivo ao centro (C13 OP).	Persoal docente	Si
Debilidade	Non existe cultura de avaliación ao alumnado mediante tecnoloxías dixitais (G6).	Persoal docente	Non
Debilidade	Escaso traballo interdisciplinar (F6).	Persoal docente	Si
Debilidade	Non se avalía o progreso no ámbito do ensino-aprendizaxe con tecnoloxías dixitais (B1).	Persoal docente	Non
Debilidade	Non se promove a comunicación co alumnado a través de medios tecnolóxicos (H8).	Persoal docente	Non
Fortaleza	O alumnado utiliza as tecnoloxías no centro de maneira responsable (H3).	Alumnado	Non
Fortaleza	Existe unha boa comunicación entre a Comunidade Educativa (E4).	Familias	Non
Fortaleza	O centro conta cunha boa infraestrutura dixital na maioría das aulas (C1).	Infraestruturas	Non
Fortaleza	Existe unha boa cultura de intercambio de experiencias dixitais entre o Claustro (D3).	Persoal docente	Si
Fortaleza	Algúns docentes exploran novas modalidades de ensino (A3).	Persoal docente	Si
Fortaleza	O Claustro conta co apoio e axuda do equipo directivo para o seu DPC (Desenvolvemento Profesional Continuo) (D2).	Persoal docente	Si

Fortaleza	Todo o Claustro participa nun PFPP dixital.	Persoal docente	Si
Fortaleza	O Claustro adoita buscar e crear recursos educativos en liña (E1, E2).	Persoal docente	Non
Fortaleza	Empréganse recursos dixitais para atender á diversidade do alumnado (F1).	Persoal docente	Non

### 3.3. Análise externa

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Ameaza	Ratio profesorado/alumnado moi elevado e con abundante presenza de alumnado con N.E.A.E.	Administración educativa	Non
Ameaza	A aula TIC do centro úsase como aula ordinaria por ausencia de espazos suficientes no centro.	Administración educativa	Si
Ameaza	Persoal de apoio insuficiente.	Administración educativa	Non
Ameaza	Modelos de financiamento insuficientes.	Administración educativa	Si
Ameaza	Excesiva carga de tarefas administrativas que limitan o tempo para formación e creación de recursos dixitais.	Administración educativa	Si
Ameaza	Dotación de equipamento tecnolóxico insuficiente para o alumnado.	Administración educativa	Si
Ameaza	Non existe moita colaboración con organizacións nin institucións externas.	Contorna	Si
Ameaza	Lexislación educativa en constante modificación.	Lexislación	Non
Oportunidade	A administración oferta formacións dixitais para o profesorado.	Administración educativa	Non
Oportunidade	Unha ampla porcentaxe do persoal docente e non docente é definitivo e/ou estable no centro.	Administración educativa	Non
Oportunidade	Boa relación e comunicación coa ANPA do centro.	ANPA	Non



## 4. Obxectivos

### 4.1. Listaxe de obxectivos

Código	Obxectivo
O01PD	Reorganizar os espazos do centro educativo para facilitar o acceso á aprendizaxe con tecnoloxías dixitais (aula TIC)
O02PD	Fomentar a participación en proxectos interdisciplinares utilizando as tecnoloxías dixitais. (*F6)
O03PD	Asegurar que o alumnado desenvolva as súas competencias dixitais nas diferentes materias a través da Aula Virtual.
O04PD	Establecer un equipo de docentes para a elaboración, xestión e seguimento do Plan Dixital de Centro (EPD) e para o desenvolvemento dos Polos Creativos no centro.

### 4.2. Datos do obxectivo O01PD

Código	Estado
O01PD	Parcialmente

#### 4.2.1. Elementos DAFO relacionados

Ameaza - Administración educativa - A aula TIC do centro úsase como aula ordinaria por ausencia de espazos suficientes no centro.

Ameaza - Administración educativa - Modelos de financiamento insuficientes.  
Ameaza - Administración educativa - Dotación de equipamento tecnolóxico insuficiente para o alumnado.

Debilidade - Infraestruturas - O alumnado de Infantil e primeiro e segundo ciclo de Ed. Primaria non dispón de equipos individuais (C10).

Debilidade - Infraestruturas - O alumnado con N.E.E. non ten acceso a tecnoloxías asistenciais (C15).

Debilidade - Persoal docente - Non se permite ao alumnado que traian o seu propio dispositivo ao centro (C13 OP).

#### 4.2.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Acondicionamento dun espazo propio para os recursos e máquinas do proxecto de Polos Creativos.	Non existen espazos baleiros no colexio para dispoñer dunha aula no proxecto de Polos Creativos.	O proxecto de Polos Creativos dispón dun espazo propio para o seu emprego.				
Estado de actualización e posta en marcha dos equipos novos.	Os equipos e máquinas novos non están en funcionamento..	Todos os equipos e máquinas están operativos.				

#### 4.2.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO1.2: Atopar unha localización temporal para as máquinas do Programa de Polos Creativos e os recursos recibidos.	30/06/2025	
<b>Responsables</b>	Equipo TIC	
<b>Destinatario</b>	Profesorado	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO1.3: Inventariar e organizar o material proporcionado no programa de Polos Creativos.	30/06/2025	
<b>Responsables</b>	Coordinadora e equipo de Polos Creativos.	
<b>Destinatario</b>	Profesorado	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO1.1: Reasignar o uso dos espazos do centro.	30/06/2025	
<b>Responsables</b>	Equipo directivo	
<b>Destinatario</b>	Profesorado e alumnado	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO1.4: Configuración de novos e antigos equipos informáticos para o seu correcto funcionamento.	30/06/2025	
<b>Responsables</b>	Coordinador e equipo de TIC	
<b>Destinatario</b>	Profesorado e alumnado	

#### 4.3. Datos do obxectivo O02PD

Código	Estado
O02PD	Parcialmente

#### 4.3.1. Elementos DAFO relacionados

Ameaza - Administración educativa - Excesiva carga de tarefas administrativas que limitan o tempo para formación e creación de recursos dixitais.

Ameaza - Contorna - Non existe moita colaboración con organizacións nin institucións externas.

Debilidade - Alumnado - O alumnado non aprende a crear contidos dixitais nin a comunicarse usando tecnoloxías dixitais (H7).

Debilidade - Persoal docente - O profesorado e o equipo directivo non dispoñen de tempo suficiente para explorar o ensino con tecnoloxías dixitais (A4).

Debilidade - Persoal docente - Escaso traballo interdisciplinar (F6).

Fortaleza - Persoal docente - Algúns docentes exploran novas modalidades de ensino (A3).

#### 4.3.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Realización dun proxecto interdisciplinar utilizando as tecnoloxías dixitais.	Ningún proxecto interdisciplinar.	Levar a cabo un proxecto interdisciplinar de centro baseado na horta escolar co uso das TIC.				
Porcentaxe de profesorado que recibe formación para a mellora da súa competencia dixital e o emprego dos novos recursos.	0	50%				
Realización dun proxecto interdisciplinar empregando os recursos de Polos Creativos.	Non se realizan proxectos empregando os recursos de Polos Creativos.	Realizar un proxecto interdisciplinar no que se empreguen os recursos recibidos no presente curso.				

#### 4.3.3. Acci3ns

Acci3n	Data m3xima	Temporalizaci3n
AO2.2: Selecci3n dos obxectivos e contidos do proxecto interdisciplinar.	30/06/2025	
<b>Responsables</b>	Claustro	
<b>Destinatario</b>	Profesorado e alumnado	

Acci3n	Data m3xima	Temporalizaci3n
AO2.1: B3squeda de intereses com3ns e proposta de proxectos.	30/06/2025	
<b>Responsables</b>	Claustro	
<b>Destinatario</b>	Profesorado e alumnado	

Acci3n	Data m3xima	Temporalizaci3n
AO2.5: Desenvolver un PFPP vencellado aos Polos Creativos que mellore a competencia dixital dos docentes e nos permita facer un uso axeitado dos recursos e m3quinas recibidos.	30/06/2025	
<b>Responsables</b>	Coordinador PFPP	
<b>Destinatario</b>	Claustro	

Acci3n	Data m3xima	Temporalizaci3n
AO2.3: Asignaci3n de persoas implicadas, temporalizaci3n das acci3ns e previsi3n de espazos e materiais.	30/06/2025	
<b>Responsables</b>	Claustro	
<b>Destinatario</b>	Profesorado	

Acci3n	Data m3xima	Temporalizaci3n
AO2.4: Desenvolvemento e posta en pr3ctica do proxecto interdisciplinar.	30/06/2025	
<b>Responsables</b>	Profesorado implicado	
<b>Destinatario</b>	Alumnado	

#### 4.4. Datos do obxectivo O03PD

C3digo	Estado
O03PD	Parcialmente

#### 4.4.1. Elementos DAFO relacionados

Ameaza - Administración educativa - Dotación de equipamento tecnolóxico insuficiente para o alumnado.

Debilidade - Alumnado - O alumnado ten unha competencia moi limitada para resolver problemas técnicos (H13).

Debilidade - Infraestruturas - O alumnado de Infantil e primeiro e segundo ciclo de Ed. Primaria non dispón de equipos individuais (C10).

Debilidade - Infraestruturas - O alumnado con N.E.E. non ten acceso a tecnoloxías asistenciais (C15).

#### 4.4.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Modo de uso da Aula Virtual en 1º ciclo.	Non se usa.	Úsase a modo de repositorio.				
Número de actividades na Aula Virtual por materia en 3º ciclo.	0	3				
Número de actividades na Aula Virtual por materia en 2º ciclo.	0	1				

#### 4.4.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO3.3: Formar ao profesorado e ao alumnado no uso da Aula Virtual.	30/06/2025	
<b>Responsables</b>	Equipo TIC e titores/as.	
<b>Destinatario</b>	Profesorado e alumnado	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO3.2: Creación de categorías por cursos e materias na Aula Virtual.	30/06/2025	
<b>Responsables</b>	Coordinador TIC	
<b>Destinatario</b>	Profesorado e alumnado	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO3.1: Implantar o uso da Aula Virtual no proceso de ensino/aprendizaxe habitual.	30/06/2025	
<b>Responsables</b>	Docentes de segundo e terceiro ciclo e alumnado	
<b>Destinatario</b>	Profesorado e alumnado	

#### 4.5. Datos do obxectivo O04PD

Código	Estado
O04PD	Parcialmente

##### 4.5.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Organización de centro - Non existe estratexia dixital no centro (A1).

Fortaleza - Persoal docente - Existe unha boa cultura de intercambio de experiencias dixitais entre o Claustro (D3).

Fortaleza - Persoal docente - O Claustro conta co apoio e axuda do equipo directivo para o seu DPC

(Desenvolvemento Profesional Continuo) (D2).

Fortaleza - Persoal docente - Todo o Claustro participa nun PFPP dixital.

##### 4.5.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Carga de traballo do equipo de docentes do Plan Dixital.	O 80% peso da elaboración do Plan Dixital recae sobre a persoa coordinadora .	Reparto equitativo de tarefas entre todos os integrantes do equipo do Plan Dixital. Todos elaboran.				
Carga de traballo do equipo de docente de Polos Creativos.	O peso da organización e tarefas dos Polos Creativos recae sobre a persoa coordinadora .	Repartir as tarefas entre todos os integrantes do equipo de Polos Creativos.				

#### 4.5.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO4.3: Motivar ao claustro a participar e coñecer o PD e as actividades vencelladas ao mesmo.	30/06/2025	
<b>Responsables</b>	Equipo directivo	
<b>Destinatario</b>	Profesorado	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO4.1: Organización do horario do profesorado do EPD con liberación horaria para a xestión do PD.	30/06/2025	
<b>Responsables</b>	Equipo directivo e Inspección Educativa.	
<b>Destinatario</b>	Profesorado do EPD	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO4.2: Fomentar a coordinación dos integrantes do PD e do equipo de Polos Creativos.	30/06/2025	
<b>Responsables</b>	Equipo directivo	
<b>Destinatario</b>	Integrantes do PD	

## 5. Seguimento

### 5.1. Procedemento para o seguimento

Para levar a cabo o seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución dos obxectivos propostos faremos unha avaliación procesual e formativa que se levará a cabo de maneira constante polo equipo de dinamización do presente plan e sobre a que se reflexionará nun claustro entre todos os docentes do centro unha vez por trimestre (como mínimo). Neste ámbito, incluíranse aspectos como o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

### 5.2. Primeiro trimestre

### 5.3. Segundo trimestre

### 5.4. Terceiro trimestre

## 6. Avaliación

### 6.1. Procedemento para a avaliación

Levarase a cabo unha avaliación final nun claustro ao finalizar o curso escolar onde se considerarán aspectos coma a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora de cara ao curso seguinte.

### 6.2. Valoración xeral

### 6.3. Propostas de mellora

## 7. Comunicación e difusión

### 7.1. Procedemento para a comunicación e a difusión

O presente plan será posto en común e aprobado (de ser o caso) no Claustro e Consello Escolar celebrados o 14 de outubro de 2024, ademais de ser revisado e avaliado no Claustro final do curso 2024/2025. Unha vez aprobado pola nosa Comunidade Educativa formará parte da Programación Xeral Anual e será difundido na web do centro. Da mesma maneira, toda a Comunidade Educativa poderá valorar a súa aplicación e propoñer achegas ou modificacións que favorezan a avaliación procesual anteriormente mencionada, a súa mellora constante e, por suposto, a participación de todos os membros da comunidade educativa do C.E.I.P. Sal Lence.

Enlace ao documento orixinal:

## 8. Outros datos

## 9. Anexos

Descrición	Arquivo
PLAN DIXITAL CEIP SAL LENCE	Plan Dixital Sal lence.pdf
SELFIE	15021548_CEIP Sal Lence_SELFIE_011221_211221.pdf